

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ourense, vinte e dous de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 6 de novembro de 2009 de modificación dos artigos 4º.1 e 17º.1 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 19 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego (código de procedemento IN224A).

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

Nos artigos 4º.1.3 e 17º.1 da devandita orde establécese que os/as solicitantes da subvención para a adhesión á Rede de Comercio Rural Galego adquiren o compromiso de presentar a xustificación do investimento ata o 30 de novembro de 2009 e que, para cobrar a subvención concedida, o/a beneficiario/a deberá presentar a documentación sinalada no precepto citado en segundo lugar, tendo de prazo para presentala ata a referida data.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das solicitudes de concesión das devanditas subvencións, motivado polo volume delas presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar os referidos preceptos.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.- Modificación dos artigos 4º.1 e 17º.1 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego (código de procedemento IN224A).

Os artigos 4º.1 e 17º.1, primeiro parágrafo da referida orde quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 4º.-*Compromisos dos/as solicitantes.*

Os/as solicitantes da subvención para a adhesión da Rede de Comercio Rural Galego adquiren os seguintes compromisos:

(...)

3. Presentar a xustificación do investimento ata o 9 de decembro de 2009.

Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o/a beneficiario/a deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, en orixinal ou copia compulsada, tendo de prazo para presentala ata o 9 de decembro de 2009:

(...).

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se modifica o artigo 6 do anexo III da Orde do 24 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 6 de xullo) pola que se establecen as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Por Orde do 24 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de xullo) establécense as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competi-

va, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 6 do anexo III da dita orde establécense os prazos para presentar a documentación xustificativa das subvencións concedidas e para a emisión das facturas correspondentes aos gastos realizados.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das ditas axudas, motivado polo volume de solicitudes presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar o proceso de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o referido artigo 6 do anexo III.

DISPOÑO:

A modificación do artigo 6 do anexo III da Orde do 24 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* de 6 de xullo) pola que se establecen as bases para a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, no referente ao prazo de presentación dos xustificantes e período de emisión das facturas correspondentes aos gastos realizados no ano 2009, do seguinte xeito:

Prazos de presentación de xustificantes de gastos:

Proxectos dunha única anualidade

Pagamentos anticipados	Pagamentos non anticipados
4 de decembro de 2009	4 de decembro de 2009

Proxectos plurianuais

	Pagamentos anticipados	Pagamentos non anticipados
Primeira anualidade	15 de marzo de 2010	4 de decembro de 2009
Segunda e terceira anualidade	15 de marzo do ano seguinte ao da anualidade xustificada	31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate
Última anualidade	31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate	31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate

Períodos de emisión das facturas:

Proxectos dunha única anualidade ou 1ª anualidade de proxectos plurianuais: desde a data de presentación da solicitude ata o 4 de decembro de 2009.

Segunda anualidade: desde o 5 de decembro de 2009 ata 31 de outubro de 2010.

Terceira e cuarta anualidade: desde o 1 de novembro do ano anterior ata 31 de outubro do ano seguinte.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de novembro de 2009 pola que se modifica a do 29 de maio de 2009 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano 2009 nas universidades do sistema universitario de Galicia, ampliando a contía global máxima destinada aos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 29 de maio de 2009 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano 2009 nas universidades do sistema universitario de Galicia, establece no seu artigo 2º a contía global máxima que se destinará para a concesión destas axudas.

Porén, o mesmo artigo establece que tal cantidade poderá ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo o mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co disposto no artigo 13.2º a liña b, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 29 de maio de 2009 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano 2009 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

O artigo 2º da citada orde queda redactado como segue:

«A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estes premios con cargo á partida orzamentaria 45.02.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e cunha contía global máxima de 217.000 €».

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009.

P.D. (Orde 3-8-2009)
José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades